



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000033

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas do día cinco de outubro de dous mil vinte e tres, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 567 de data 4 de outubro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño. Non asiste por causas xustificadas don Sergio Saavedra Gutiérrez.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 28.09.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 28.09.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

.- Validación de información técnica.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE VALIDACIÓN DE INFORMACIÓN TÉCNICA

“Expte. 163/2022 Tedec 2022/U022/000018

.- Expte. de obras 163/2022.- (representado por)
.- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada situada no Lugar Riaña, 49, parroquia de Meirás, concello de Valdoviño, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Manuel Porto Vila,

Concédesse a licenza de edificación por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04.05.2023 condicionado o inicio das obras á aportación da seguinte documentación debidamente visada:

- Proxecto de execución, visado.
- Estudio Básico de seguridade e saúde visado.

En data 31.08.2023 co núm. de rexistro de entrada 202399900001385. 1386 y 1387, se achega ao expediente a documentación solicitada no apartado anterior visada o 28/08/2023 e o 25/09/2023, con nº de rexistro xeral de entrada 202399900001538 se achega a vindeira documentación visada o 28/08/2023:

- Estudio xeotécnico
- Cumprimento CTE
- Cumprimento de normativa de habitabilidade.

O proxecto de execución achegado non presenta diferenzas con respecto ao proxecto básico xa informado e que obtivo licenza municipal de obras

Visto que a documentación que se axegou ao expediente é conforme e completa, e as condicións urbanísticas non variaron, segundo o informe do arquitecto municipal de data 27 de ABRIL de 2023 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica achegada en data 31.08.2023 co núm. de rexistro de entrada 202399900001385. 1386 y 1387, e visada o 28/08/2023 e a presentada o 25/09/2023, con nº de rexistro xeral de entrada 202399900001538, e asemade visada o 28/08/2023, podendo dar comezo ás obras incluídas na licenza correspondente ao expediente 163/2022.

Segundo.- Considerando que o orzamento de execución material de referencia (PEMR) reflexado no proxecto de execución e o orzamento de execución material da obra (PEM) non varía, non hai variación na liquidación practicada no acordo de concesión da licenza de data 04.05.2023.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo.”

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe,
O Alcalde, Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2022/U022/000018).

3º.- APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR DO PROXECTO: “PONLLE RITMO A VIDA – MUSICOTERAPIA “.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACION DO PROXECTO PONLLE RITMO A VIDA – MUSICOTERAPIA

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de poñer en marcha o proxecto “Ponlle ritmo á vida – Musicoterapia”, para persoas maiores

de 55 anos, veciñas do municipio de Valdoviño, vista a retención de crédito practicada polos servizos económicos do Concello e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

INFORME TECNICO PARA CONTRATACION DO PROXECTO PONLLE RITMO A VIDA – MUSICOTERAPIA NA MODALIDADE DE CONTRATACION POR CONTRATO MENOR

Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116), traballadora social do departamento de servizos sociais do Concello de Valdoviño, en relación á necesidade de contratación do Proxecto Ponlle ritmo á vida musicoterapia nesta nova edición 2023-2024, **INFORMA**,

Que a entidade Afal Ferrolterra (Asociación de familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias) é unha entidade especializada que ten como obxectivo, entre outros, a prevención de situacións de dependencia e a promoción da saúde en persoas sanas.

O desenvolvemento de hábitos de vida saudables e asumir un envellecemento activo non so mellora a saúde das persoas se non tamén a súa calidade de vida. Ademais actúa como un forte elemento protector fronte a enfermidades como o Alzheimer e as demencias.

O Concello de Valdoviño leva anos realizando, a través de Afal, actividades que favorecen e garanten un envellecemento activo, fomentando estilos de vida saudables e a socialización activa.

O Proxecto “Ponlle ritmo á vida – Musicoterapia”, que se desenvolve nos meses de outubro a xuño, constitúe unha ferramenta para fomentar o desenvolvemento das persoas, traballando aspectos como a memoria, a cooperación, a comunicación, as habilidades sociais, a integración e a socialización para evitar o illamento e a soidade.

O obxecto do envellecemento activo é o de manter unha esperanza de vida saudable e influir así positivamente, de xeito indirecto, no exceso de uso de recursos propios para persoas en situación de dependencia.

O Proxecto “Ponlle ritmo á vida – Musicoterapia” realízase nos locais sociais das parroquias de Pantín, Sequeiro e Vilboa. A actividade desenvólvese un día á semana en cada parroquia cunha duración de 1h 30 min. A data de inicio é o 2 de outubro de 2023 e a data fin o 27 de xuño de 2024 (9 meses en total).

En data de 12 de setembro de 2023 solícitase a Afal que remita memoria do proxecto para a edición 2023-2024, a cal se recibe en data de 13 de setembro de 2023, por importe de 845,60 euros/mes (7.610,40 euros en total dos nove meses).

De conformidade co expresado neste informe, **PROPOÑO**:

- A contratación do proxecto “Ponlle ritmo á Vida – Musicoterapia” para a edición 2023-2024, a favor da entidade especializada Afal Ferrolterra, a través da modalidade de contratación contrato menor.
- Que se realice a retención de crédito oportuna por importe total de 7.610,40 euros (IVE engadido).

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.
A traballadora social

Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116)

PROPOÑO

A Xunta De Goberno Local a aprobación da contratación, na modalidade de contrato menor, a favor de Afal Ferrolterra (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Ferrolterra) por importe total de **7.610,40 euros (IVE engadido)**, cunha duración de nove meses dende outubro de 2023 a xuño de 2024.

Alberto González Fernández
O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C002/000007).

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás nove horas e corenta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/